

# 2 O SUBSTANTIVO

## CLASIFICACIÓN

### ESTRUTURA E DEFINIÇÃO

Os **substantivos** ou nomes son palabras variables (teñen xénero e número) que designan persoas (María, neno), animais (can), cousas (libro) e ideas (amor).

1 Subliña os substantivos que aparecen neste texto e di que designan:


<sup>animal</sup> Pelusa encamiñase ao <sup>lugar</sup> campo da <sup>lugar</sup> ermida, onde as <sup>anim</sup> gaivotas e os <sup>anim</sup> cans sen dono andan a <sup>pers.</sup> limpar os <sup>cosa</sup> restoballos da <sup>lugar</sup> romaría da <sup>lugar</sup> véspera. A Pelusa chámalle a <sup>idea?</sup> atención a <sup>cosa?</sup> presenza dun <sup>pers.</sup> vello <sup>anim</sup> mendigo que deambula co <sup>cosa</sup> saco ao <sup>cosa</sup> lombo por entre os <sup>anim</sup> refugallos, como un <sup>anim</sup> can ou unha <sup>anim</sup> gaivota máis. O <sup>pers.</sup> mendigo semella, tamén el, un <sup>anim</sup> animal asilvestrado, a <sup>cosa</sup> barba e as <sup>cosa</sup> guedellas brancas e descoidadas.

(Xelucho Abella Chouciño: *As aventuras de Pelusa*, ed. Casals)

.....

.....

.....



## CLASES DE SUBSTANTIVOS

Os substantivos poden ser:

- **Comúns.** Designan persoas, animais ou cousas da mesma especie ou clase, considerando as calidades xerais: *rapaza, cidade*.
- **Propios.** Designan persoas, animais ou cousas para distinguilos do resto dos da súa mesma clase ou especie. Escríbense sempre coa primeira letra en maiúscula: *María, Tui*.

Os nomes propios de persoa reciben o nome de **antropónimos**: *María*. Os nomes propios de lugar reciben o nome de **topónimos**: *Tui*.

Os **substantivos comúns** poden ser:

- **Concretos.** Designan persoas, animais ou cousas que podemos percibir cos sentidos: *libro, fonte*.
- **Abstractos.** Designan realidades ou calidades que non se perciben polos sentidos, aínda que si percibamos a súa manifestación: *bondade, tristeza*.

Os **substantivos comúns concretos** poden ser:

- **Contables/non contables**

Son contables os que designan cousas que poden contarse: *caderno*.

Son incontables os que designan algo que non se pode contar, aínda que si medir, pesar, etc.: *aire*.

- **Individuais/colectivos**

Son individuais os que en singular designan persoas, animais ou cousas únicas: *carballo*.

Son colectivos os que designan en singular un conxunto de cousas ou seres iguais: *carballeira*.

### 2 Clasifica os substantivos segundo sexan comúns ou propios:

orella <b>C</b>	verme <b>C</b>	Antía <b>P</b>	Sanxenxo <b>P</b>	pedra <b>C</b>
París <b>P</b>	vagalume <b>C</b>	Ramón <b>P</b>	Duarte <b>P</b>	escuma <b>C</b>
Emilio <b>P</b>	Foz <b>P</b>	lume <b>C</b>	caderno <b>C</b>	Fiz <b>P</b>

Comúns: .....

Propios (topónimos): *París, Foz, Sanxenxo*

Propios (antropónimos): *Emilio, Antía, Ramón, Duarte, Fiz*

### 3 Clasifica os seguintes substantivos segundo sexan concretos ou abstractos:

ollomol <b>C</b>	peixe <b>C</b>	maldade <b>A</b>	felicidade <b>A</b>
cogomelo <b>C</b>	axóuxere <b>C</b>	alegría <b>A</b>	dor <b>A</b>
automóbil <b>C</b>	frío <b>A</b>	amor <b>A</b>	auga <b>C</b>
pintura <b>C</b>	caríño <b>A</b>	mel <b>C</b>	folla <b>C</b>

Concretos: .....

Abstractos: .....

4 Clasifica os seguintes substantivos segundo sexan contables ou incontables:

cadeira, sal, reloxo, mapa, area, auga, aceite, lapis, po, azucre, goma, cheminea.

C I C C I I I I C I I C C

Contables	Incontables

5 Clasifica os seguintes substantivos segundo sexan individuais ou colectivos:

bancada, banco, culler, xunco, louza, flor, poema, antoloxía, vasoira, ramo, xunqueira, piñeiro, arboredo, equipo, rabaño, ovella.

C I I I C I I C I C I C I

Individuais	Colectivos

6 Relaciona cada colectivo co individual correspondente:

1 dentadura	3 prato	1 osamenta	6 libro
2 poemario	4 músico	2 vestiario	4 vela
3 louza	6 animal	3 léxico	3 palabra
4 orquestra	5 día	4 velame	5 peixe
5 semana	2 poema	5 cardume	1 óso
6 fauna	1 dente	6 biblioteca	2 pantalón

7 Indica o individual que corresponde a cada un destes colectivos:

enxame	..... abella	maquinaria	..... máquina
dentame	..... dente	niñada	..... río paxaro (cria)
alumnado	..... alumnado	souto	..... castiñeiro
follaxe	..... folle	flora	..... vexetal
armamento	..... arma	areal	..... area
rabaño	..... ovella	vidreira	..... vidro
plumaxe	..... pluma	arquipélago	..... illa
vocabulario	..... palabras	manda	..... manuf. (cans, libros)

## XÉNERO

### SUBSTANTIVOS ANIMADOS E INANIMADOS

As **persoas** e os **animais** poden ser de xénero masculino ou feminino. Os nomes ou substantivos que os designan son, en xeral, de xénero masculino ou feminino, dependendo do sexo. Estes substantivos teñen, por tanto, variación de xénero para expresar a oposición de sexo: *o neno* – *a nena*, *o home* – *a muller*.

As **cousas** non teñen sexo, pero si xénero gramatical, masculino ou feminino. Os substantivos que as designan teñen unicamente un xénero: masculino (*o libro*) ou feminino (*a mesa*).

#### 8 Subliña os substantivos deste texto e clasifícaos no cadro.

Na parte máis alta da cidade, derriba dunha esguía columna, erguíase a estatua do Príncipe Feliz. Toda ela estaba adobiada con delgadas follas de fino ouro; tiña por ollos dous escintilantes zafiros e un gran rubí vermello relucía na empuñadura da súa espada.

A verdade é que era moi admirado. «É tan fermoso coma un cataventos —sobranceou un dos rexedores do Concello que desexaba gañar para si a sona de ter pruritos artísticos— aínda que non é moi útil» —engadiu temendo que a xente o coidase pouco práctico, algo que en realidade non era.

—Por que non podes ser coma o Príncipe Feliz? —inquiríalle unha xuizosa nai ao seu filliño que choromicaba pedíndolle imposibles—. O Príncipe Feliz nunca chora por nada.

—Alédame saber que hai alguén no mundo que é case feliz —murmurou un home desilusionado mentres ollaba para a marabillosa estatua.

(Oscar Wilde: *O príncipe feliz e outros contos*, ed. Galaxia)

Substantivos que se refiren a seres animados (persoas e animais)	
Masculinos	Femininos
Príncipe Feliz, rexedores, filliño, home.	Xente, nai.
Substantivos que se refiren a seres inanimados (cousas)	
Masculinos	Femininos
Ouro, ollos, zafiros, rubí, cataventos, Concello, pruritos, práctico.	parte, cidade, columna, estatua, follas, empuñadura, espada, verdade, sona, realidade.

## MASCULINO E FEMININO

### Son de xénero masculino:

- Os nomes das **letras** e dos dígrafos: *o be, o ele dobre...*
- Os **substantivos**: *o berce, o cal (de pintar paredes), o cárcere, o costume, o couce, o cume, o cuspe, o diadema, o fel, o labor, o legume, o leite, o lume, o mar, o masacre, o mel, o nariz, o sal, o sangue, o sinal, o sorriso, o ubre.*

### Son de xénero feminino:

- A maioría das **árbores froiteiras** e os seus **froitos**: *a laranxeira – a laranxa, a pereira – a pera...* (Pero nalgúns casos a árbore é masculina e o froito é feminino: *o castiñeiro – a castaña, o limoeiro – o limón...* e noutros a árbore é feminina e o froito é masculino: *a figueira – o figo*).
- As **palabras rematadas en -axe**: *a paisaxe, a viaxe (excepto o paxe, o garaxe, o traxe).*
- Os **substantivos**: *a acne, a análise, a árbore, a augardente, a calor, a canle, a cor/color, a dor/dolor, a eclipse, a estrea, a fraude, a fronte, a lavalouza, a marxe, a orde, a orixe, a pantasma, a paréntese, a ponte, a sebe, a sentinela, a síndrome, a suor, a testemuña, a vertixe...*

### 9 Clasifica estas palabras segundo sexan masculinas (M) ou femininas (F):

A arte	F	sinal	M	costume	M	lume	M	orde	F
elipse	F	A análise	F	ponte	F	viaxe	F	calor	F
sal	M	cárcere	M	dote	M	paisaxe	F	garaxe	F
alcume	M	A área	F	paxe	M	mel	M	personaxe	F
A árbore	F	traxe	M	dor	M	agua	F	peaxe	M
marxe	F	eme	M	pereira	F	ubre	M	orixe	F
sangue	M	suor	F	culler	M	canle	F	leite	F
nariz	M	cume	M	color - <del>or</del>	M-F	labor	M	sorriso	M
fronte	F	ce	M	parálise	F	cuspe	M	dose	F
A alma	F	carraxe	F	legume	M	friaxe	F	apendicite	F
diadema	M	lavalouza	M-F	til	M	linguaxe	F	riso	M
orde	F	crise	F	gue	M	mar	M	aire	M

### FÍXATE

Son femininas as palabras *a auga, a aguia, a alma...* e manteñen o artigo feminino: *A auga está fría* (e non *\*o auga está fría*).

### 10 Rodea no exercicio anterior substantivos que manteñen o artigo feminino como no caso de *auga*.

21 Escribe o singular dos seguintes substantivos:

barrís	..... <i>barril</i> .....	paixóns	..... <i>paixón</i> .....	reis	..... <i>rei</i> .....
carrís	..... <i>carril</i> .....	amigos	..... <i>amigo</i> .....	dedais	..... <i>dedal</i> .....
riles	..... <i>ril</i> .....	caixóns	..... <i>caixón</i> .....	avións	..... <i>avión</i> .....
papeis	..... <i>papel</i> .....	bedeis	..... <i>bedel</i> .....	vales	..... <i>val</i> .....

22 Escribe en plural:

- O profesor colle o papel e gárdao no caixón.

*Os profesores collen os papeis e gárdanos nos caixóns.*

- Este é o rei do meu país.

*Estes son os reis do meu país.*

- A súa casa está á beira da estrada.

*As súas casas están á beira da estrada.*

- Aquel rapaz sempre escribe co lapis.

*Aqueles rapaces sempre escriben cos lapis.*

- Ese animal é un xabaril.

*Eses animais son uns xabaris.*

- O mércores teño un exame.

*Os mércores teño uns exames.*

- O tren circula amodo polo interior do túnel.

*Os trens circulan amodo polo interior dos túneles.*

- Garda este paquete tan fráxil no baúl.

*Gardade estes paquetes tan fráxiles nos baúis.*

- Con este compás poderás debuxar un xirasol.

*Con estes ~~compases~~ *compases* poderas debuxar uns xirasoles.*

23 Completa o cadro cos plurais e singulares que faltan.

Singular	Plural
bíceps	<i>os bíceps</i>
senil	<i>senís</i>
til	<i>tiles</i>
iglú	<i>iglus</i>
lapis	<i>os lapis</i>
fax	<i>os fax.</i>

Plural	Singular
sabas	<i>Sabas</i>
funís	<i>funil</i>
sufís	<i>sutil</i>
mísiles	<i>misil</i>
baúis	<i>baúl</i>
patíns	<i>patín</i>

**11 Completa co artigo o/a as seguintes oracións:**

- Mario toca .....<sup>a</sup> arpa.
- .....<sup>a</sup> auga dese pozo está contaminada.
- Os alumnos están n.....<sup>a</sup> aula de música.
- Naquela árbore está .....<sup>a</sup> aguia que che dixen.

**12 Completa con o/a ou un/unha:**

- Mancouse n.....<sup>o</sup> nariz.
- Non coñezo .....<sup>a</sup> orixe desta lenda.
- O burro deume .....<sup>un</sup> couce.
- C.....<sup>o</sup> sangue fanse freixós.
- .....<sup>a</sup> canle leva .....<sup>a</sup> auga ata o río.
- .....<sup>a</sup> sentinela vixía .....<sup>a</sup> ponte.
- Desde .....<sup>o</sup> cume vese a lagoa.
- Sempre tomo .....<sup>o</sup> leite c.....<sup>o</sup> mel que me deches.
- A lentella é .....<sup>un</sup> legume.
- Non entendo a razón d.....<sup>o</sup> sorriso de Manuel.

**13 Completa cos artigos ou adxectivos que correspondan segundo o xénero dos substantivos:**

- Desde .....<sup>o</sup> cume daquela montaña contéplase est.....<sup>a</sup> paisaxe fermosísima.....<sup>a</sup>
- .....<sup>a</sup> figueira dá figos moi ric.....<sup>o</sup>s.
- .....<sup>o</sup> leite e .....<sup>o</sup> mel son moi nutritiv.....<sup>o</sup>s.
- Antía prepara .....<sup>a</sup> equipaxe para .....<sup>a</sup> próxim.....<sup>a</sup> viaxe.
- .....<sup>a</sup> doutora dixo que teño .....<sup>unha</sup> farinxite crónic.....<sup>a</sup>
- .....<sup>o</sup> río Miño desemboca n.....<sup>o</sup> Océano Atlántico.
- Hoxe vai moit.....<sup>a</sup> calor.
- Manqueime n.....<sup>o</sup> nariz e teño moit.....<sup>a</sup> dor.
- Non coñezo .....<sup>a</sup> orixe dese.....<sup>o</sup> costume tan antig.....<sup>o</sup>
- .....<sup>os</sup> viaxe a.....<sup>os</sup> cumes alpin.....<sup>os</sup> foi moi interesante.
- Baixo .....<sup>a</sup> ponte hai moit.....<sup>os</sup> árbores: algunhas laranxeiras, vell.....<sup>as</sup> limociros e moit.....<sup>as</sup> pereiras.
- .....<sup>a</sup> aguia bebe .....<sup>a</sup> auga fresc.....<sup>a</sup> que baixa d.....<sup>as</sup> montañas.
- .....<sup>o</sup> A e .....<sup>o</sup> B son as primeiras letras do noso alfabeto.
- Non me gusta a comida porque lle botei moit.....<sup>o</sup> sal.

\* Designan ~~en mase~~ seres vivos macho ou femia con x.<sup>o</sup> masc. ou fem.  
 fornuise  
 testemuña

### SUBSTANTIVOS VARIABLES E INVARIABLES

Os substantivos que designan seres animados (persoas ou animais) teñen oposición de xénero, xa que se refiren a seres de sexo masculino ou feminino.

Podemos diferenciar dous tipos de substantivos.

1. **Substantivos variables:** Teñen formas diferentes para masculino e feminino:

*o rapaz - a rapaza, o cabalo - a egua.*

2. **Substantivos invariables:** Teñen unha única forma para masculino e feminino. Dentro deles distinguimos:

a) Substantivos invariables nos que a marca de xénero se expresa mediante os determinantes ou adxectivos cos que concordan: *o periodista - a periodista, estudante bo - estudante boa.*

b) Substantivos invariables que cun só xénero gramatical (masculino ou feminino) designan o macho e a femia dunha especie indistintamente ou conxuntamente. Estes reciben o nome de epicenos: *unha persoa* (home ou muller), *un sapo* (macho ou femia).



14 Todos estes substantivos teñen oposición de xénero. Clasifícaos.

o/a camarada	compañeiro/a	o/a amante	xuíz/a	actor - actriz
o/a vítima	ovella - carneiro	formiga fem/mach	o/a poeta	cabalo - egua
o/a artista	amigo/a	obxornalista	capitán	emperatriz - emperador
o/a violinista	<del>h</del> pantasma	o/a mártir	xílgaro fem/mach	boi - vaca
o/a colega	perdiz femia/macho	testemuña <sup>home/muller</sup>	viaxante o/a	píntega fem/mach

Substantivos variables	Substantivos invariables	
compañeiro, ovella, amigo, xuíz, capitán, actor, cabalo, emperatriz, boi, poeta	camarada, artista, violinista, colega, amante, mártir, (poeta) viaxante	Epicenos (*) perdiz, formiga, testemuña, xílgaro, píntega - pantasma, vítima

15 Escribe o feminino destes substantivos. Nos que son invariables, explica se poden marcar o xénero mediante o artigo ou se son epicenos:

vítima, testemuña, xuíz, cantante, avogado, pianista, doutor, elefante, carneiro, actor.

Substantivos variables	Substantivos invariables	
xuíza, avogada, doutora, elefanta, ovella, actriz	O artigo marca o xénero o/a: <del>avogado</del> , cantante, pianista,	Epicenos testemuña vítima

## FORMACIÓN DO FEMININO

Nos substantivos variables a oposición masculino/feminino exprésase mediante estes procedementos:

- Mediante un morfema flexivo:

Masculino		Feminino
Vogal átona	-o: <i>нено</i> -e: <i>elefante</i>	-a: <i>nena, elefanta</i> (pero <i>o/a estudante, o/a cantante</i> )
Vogal tónica: <i>avó</i>		+ -a: <i>avoa</i>
Consoante distinta de -n: <i>señor</i>		+ -a: <i>señora</i>
-n	-án: <i>irmán, capitán</i>	-a: <i>irmá, capitá</i>
	-ón: <i>león</i>	-oa: <i>leoa</i>
	-ín: <i>bailarín</i>	+ -ina: <i>bailarina</i>

- Mediante morfemas derivativos (sufijos):

Masculino	Feminino
<i>galo, rei</i>	<i>galiña, raíña</i>

- Mediante outro lexema:

Masculino	Feminino
<i>home, cabalo</i>	<i>muller, egua</i>

### 16 Escribe en feminino as seguintes oracións:

- O fillo do meu irmán é o meu sobriño, non o meu curmán.

*A filla do meu irmán é a miña sobriña, non a miña, curmá.*

- O profesor amosou os exames aos seus alumnos.

*A profesora amosou os exames ás súas alumnas.*

- O ladrón foi capturado coa axuda dos cidadáns.

*A ladra/ladra foi capturada coa axuda das cidadás.*

- O mestre e o concelleiro reuníranse cos actores que van representar a obra de teatro.

*A mestra e a concelleira reuníranse cos actores que van...*

- O príncipe e o infante presenciaron a competición na que os atletas acadaron un grande éxito.

*A princesa e o infante presenciaron a competición na que os atletas acadaron...*

- Ese cirurxián foi o que operou a meu avó.

*Ese cirurxiá foi a que operou a miña avoa.*

17 Escribe os femininos e os masculinos que corresponden a estes substantivos:

Masculino	Feminino
concelleiro	concelleira
emperador	emperatriz
duque	duquesa
can	cadela
doutor	doutora
xudeu	xudía
cidadán	cidada
masculino	feminino

Masculino	Feminino
xenro	nora
príncipe	princesa
cirurxián	cirurxiá
actor	actriz
curmán	curmá
heroe	heroína
sogra	sogra
cabalo	egua

18 Subliña en azul os substantivos referentes a seres inanimados e en vermello os substantivos referentes a seres animados. Clasifícaos no cadro.

Espertoume o ruído da auga da billa. Fun subindo daquel sono profundo, doíame a cabeza e custábame abrir as pálpebras [...]. A miña irmá durmía diante miña debruzada na mesa. Reparei en que cando durmía recuperaba a cara da nena que debeu ser, nunca antes me fixara niso tan afeito como estaba a vela como persoa adulta.

(Suso de Toro: *A sombra cazadora*, Edicións Xerais)

Substantivos seres inanimados		Substantivos seres animados	
Xénero masculino	Xénero feminino	Variables	Invariables
<u>ruído</u>	<u>auga</u> <u>billa</u> <u>cabeza</u> <u>pálpebras</u> <u>mesa, cara</u>	<u>irmá</u> <u>nena</u>	<u>persoa</u>

19 Subliña as palabras deste texto referentes a seres sexuados.

A donicela é un mamífero venenoso. O seu veneno fai un efecto instantáneo. Morde sempre no pescozo ás súas vítimas. Atráena as roupas vermellas. As cabras e as vacas criando deixan de dar leite se as morde no ubre. A donicela mata as cobras e os basiliscos. Se pelexando cunha víbora recibe unha ferida, busca saramago, refrégase con el e segue a pelexar coma se nada. Se se lle dá de comer a un can o corazón e a lingua dunha donicela, enmudece.

(Cuba, Xoán R.; Reigosa, Antonio; e Miranda, Xosé: *Dicionario dos seres míticos galegos*, Ed Xerais. Adapt.)

## NÚMERO

### FORMACIÓN DO PLURAL

- Palabras rematadas en vogal ou en ditongo → engaden **-s**: *mesa-mesas, lei-leis, israelí-israelís*.
- Palabras rematadas en **-r** ou **-z** → engaden **-es**: *mar-mares, luz-luces*.
- Palabras rematadas en **-n** → engaden **-s**: *can-cans, lacazón-lacazóns*.
- Palabras rematadas en **-l**:
  - Monosílabas → engaden **-es**: *mal-males, cal-cales, ril-riles*.
  - Polisílabas agudas → cambian **-l** por **-is**: *animal-animais, caracol-caracois*.
  - Graves → engaden **-es**: *túnel-túneles*.
  - Compostas nas que o 2.º elemento é un monosílabo → engaden **-es**: *parasol-parasoles*.
- Palabras rematadas en **-s**:
  - Agudas → engaden **-es**: *compás-compases*.
  - Graves e esdrúxulas son invariables: *lapis, martes, xoves, oasis*.
- Palabras rematadas en grupo consonántico (p. ex.: x [ks]) son invariables: *luns, fax, unisex, bíceps, clímax, telex*.
- Palabras rematadas noutras consoantes → engaden **-s**: *réquiem-réquiems, club-clubs, robot-robots*. (Xeralmente trátase de cultismos ou de estranxeirismos).

Simplificando:

- Engaden **-s**
  - As rematadas en vogal, ditongo e **-n**: *mesas, leis, cans*.
  - Os cultismos ou estranxeirismos rematados en consoante distinta de **n, r, z, l, s**: *clubs, tórax*.
- Engaden **-es**
  - Palabras agudas rematadas en **-s**: *compases*.
  - Palabras rematadas en **-r** ou **-z**: *pastores, luces*.
  - Palabras monosílabas e polisílabas graves rematadas en **-l**: *meles, túneles*.
- Cambian **-l** por **-is**
  - Palabras polisílabas agudas rematadas en **-l**: *animais*.
- Son invariables
  - Palabras graves e esdrúxulas rematadas en **-s**: *os lapis, os mércores*.
  - Palabras rematadas en grupo consonántico: *os luns, os tórax, as bíceps*.

20 Escribe o plural dos seguintes substantivos:

avó	avós	camión	camións	anorak	anoraks
capital	capitais	lei	leis	noz	nozes
tren	trens	martes	os martes	test	os test
marqués	marqueses	condutor	condutores	chuchamel	chuchameles
spray	sprays	irmá	irmás	farol	farois

24 Escribe o plural e explica as regras da súa formación, segundo o modelo:

Singular	Plural	Razón
Avó	Avós	Palabra rematada en vogal.
Tapiz	Tapices	ag. - z
Verxel	verxeis	ag. - l
Rubí	rubís	ag. - y
Dólar	dólares	<del>ag.</del> gr. - r
Ril	riles	mon. - l
Capital	capitais	ag. - l
Robot	robots	ag. - t (estranx.)
Rei	reis	mon. - y
Cruz	cruces	mon. - z
Venres	os venres	gr. - s
Sol	soles	mon. - l

25 Subliña os substantivos deste texto. Escríbeos de novo cambiándolles o número (os que estean en singular escríbeos en plural, e ao revés).

Tocou a bucina en sinal de despedida. Un pequeno acelerón fixo que as rodas levantasen catro nubes de po que non tardaron en desaparecer. O coche marchou devagariño e perdeuse entre a sombra dos plátanos que emporticaban a estrada da estación.

(Antón Cortizas: *Leonel*, Edicións Xerais)

bucinas, sinais, despedidas, aceleróns, rodas,  
nube, pos, coches, sombras, plátano, estradas,  
estacións.

26 Corrixe os plurais que estean mal:

- Os cas e os gatos son animales domésticos. .... cans, animais
- Os rubís son as pedras preferidas dos meus curmás. .... rubís, curmáns
- Non tires papeles no chan. .... papeis
- Os caracoles camiñan polos xardís. .... caracóis, xardíns
- Se vas a Manzaneda, leva esquíes e bastones. .... esquís, bastóns

## PLURAL DAS PALABRAS COMPOSTAS

Para a formación do plural das palabras compostas temos que ter en conta os seguintes aspectos:

- Se os dous elementos están soldados nunha única palabra, o morfema de plural engádese sobre o último elemento: *viandante* – *viandantes*. → *segundo as regras?*

- Se o segundo elemento é un monosílabo rematado en *-l*, engádese *-es*: *parasol* – *parasoles*.

- Se o segundo elemento xa está en plural, mantéñense invariables: *o gardamontes* – *os gardamontes*.

- Se os dous elementos se escriben separados, toman o morfema de plural os dous: *garda civil* – *gardas civís*. Non obstante:

- Na secuencia substantivo + substantivo, na que o segundo substantivo actúa como se fose un adxectivo posto que cualifica ao primeiro, só toma o morfema de plural o primeiro elemento: *sofá cama* – *sofás cama*.

- Se se trata da secuencia substantivo + preposición + substantivo, só toma o morfema de plural o primeiro elemento: *cabalo do demo* – *cabalos do demo*.

27 Pon o plural destas palabras compostas:

casa xardín

*casas xardín*

cempés

*os cempés*

piso piloto

*pisos piloto*

chuchamel

*chuchameles*

papafigos

*os papafigos*

pita do monte

*pitas do monte*

cadela de frade

*cadelas de frade*

porco teixo

*porcos teixos*

28 Fíxate nestes plurais. Explica a regra de formación do plural que corresponde a cada caso:

vexetais ..... *ag. -l*

os venres ..... *gr. -s*

carrís ..... *ag. -l*

canóns ..... *ag. -n*

lucecús ..... *ag. -vg (p. comp)*

os dúplex ..... *gr. 2x*

cabalos do demo ..... *p. comp. por subst + prep + subst.*

postais ..... *ag. -l*

réptiles ..... *gr. -l*

males ..... *mon. -l*

paporrubios ..... *p. comp. ~~ag.~~ gr. -vg*

folgazáns ..... *ag. -n*

ollomoles ..... *p. comp. ~~ag.~~ mon. -l*

caracois ..... *ag. -l*

# 3

## O ADXECTIVO CUALIFICATIVO

### CONCORDANCIA

#### EN XÉNERO E NÚMERO

- Se un adxectivo fai referencia a dous ou máis substantivos do mesmo xénero, o adxectivo concorda con eles en plural:

*Un pantalón e un chaleco brancos.*

*Unha saia e unha blusa brancas.*

- Se os substantivos son de distinto xénero (un masculino e outro feminino), o adxectivo adopta a forma masculina: *Un neno e unha nena moi divertidos.*

#### 1 Subliña os adxectivos que atopas neste texto:

Quece o sol, dilúese o fume das chemineas e acada un brillo novo a auga que chouta nos valados. Imos xa lonxe do mar e o ceo é máis alto, o aire máis transparente e a terra máis seca. Os matos de eucaliptos e piñeiros deixaron paso ás bouzas e ás carballeiras. Non hai gaiotas. O coche vai rodando por unha estrada agrisada e poeirenta. Ao noso paso erguen o voo as pegas e as torcaces.

(M<sup>a</sup> Victoria Moreno: *Anagnórise*, ed. Galaxia)

#### 2 Volve escribir estas frases facendo que o adxectivo repetido concorde cos dous substantivos aos que acompaña:

- A auga está quente e o viño está quente.
- Teño os pés fríos e as mans frías.
- Teño un abrigo novo e un chaquetón novo.
- Comprei uns zapatos negros e unha camisa negra.
- Comprei un póster barato e unha lámina barata.

A auga e o viño están quentes.

*Teño os pés e as mans fríos  
Teño un abrigo e un ch. novos  
Comprei uns zapatos e unha c. negras  
Comprei un póster e unha lámina  
baratos.*

#### 3 Completa os adxectivos deste texto:

O neto fala moito. Como corría o tren! E non levaba cabalos. E había un neno coma el que asomara pola ventanúa. Un neno ben vestido....., de cara fina....., que tiña nos ollos esa expresión dos ricos..... nenos das cidades, que andan en tren e viven en casas moi altas..... Aquel neno non se asombraba de ir en tren. Que secreta..... finura había naquela indiferenza! [...]

(R. Dieste: «O vello que quería ve-lo tren», *Dos arquivos do trasno*, ed. Galaxia)

## XÉNERO E NÚMERO

### ADJECTIVOS VARIABLES E INVARIABLES

1. **Invariables.** Teñen unha única forma para os dous xéneros: *pobre* (home pobre/muller pobre), *amable* (neno amable/nena amable).  
Son invariables os adxectivos rematados en *-e* (*pobre*), *-l* (*áxil*), *-z* (*capaz*), *-n* (*ruín*), *-r* (*exemplar*) e *-ble* (*amable*).
2. **Variables.** Teñen formas diferentes para o masculino e para o feminino segundo o substantivo ao que acompañan.  
As normas de formación do feminino e do plural son as mesmas que xa vimos para os substantivos.

#### 4 Escribe en feminino:

- Aquel can pequeno é moi traste.
- Ese pobre neno está débil.
- Ese xogador é o capitán do equipo.
- Este señor é moi amable.
- Meu pai ten un cabalo moi áxil.

Aquel cadelo pequeno é moi traste.  
Esa pobre nena está débil.  
Esa xogadora é a capitá do equipo.  
Esa Sra é moi amable.  
Meu pai ten unha equa moi áxil.

#### 5 Escribe en plural as frases do exercicio anterior.

Aqueles cans pequenos son moi trastes.  
Eses pobres nenos están débeis.  
Eses xogadores son os capitáns dos equipos.  
Estes señores son moi amables.  
Meus pais teñen uns cabalos moi áxiles.

#### 6 Subliña os substantivos e adxectivos deste texto. Despois volve escribilos, pasando os que estean en singular a plural e viceversa.

Esa tarde Amalia pasou moito tempo axexando a terrazza do primeiro. O galán parecía vir unicamente polas mañás. Ao día seguinte, o xoves, volveuno ver a primeira hora e soubo provocar un encontro aparentemente fortuíto no portal. Cando lle explicou que aqueles días o seu home estaba de viaxe, el axiña se dispuxo a convidala a xantar.

(Gonzalo Navaza: «Decoración e interiorismo», *Erras e Tánatos*, Edicións Xerais)

tarde, tempo, terrazas, primeiros, galáns,  
mañás, días, seguintes, os xoves, horas, encontros,  
fortuítos, portais, día, homes, viaxes.

7 Escribe ao lado dos substantivos un dos seguintes adxectivos, facendo a concordancia de xénero: *moreno, novo, iodado, fervido, financeiro, vermello, agudo, pesado, froiteiro, románico, chato, acústico.*

sal ..... *iodado* ..... dor ..... *agudo* ..... azucre ..... *moreno*  
 sangue ..... *vermello* ..... arte ..... *románica* ..... árbore ..... *froiteira*  
 nariz ..... ~~chato~~ *chato* ..... leite ..... *fervido* ..... crise ..... *financeira*  
 equipaxe ..... *pesada* ..... ponte ..... *nova* ..... sinal ..... *acústico*

FÍXATE	
Masculino	Feminino
-ÓN	-OA: <i>león - leoa</i>
	-ONA: aumentativos e pexorativos: <i>cabezón - cabezona</i>
-ÁN	-Á: <i>capitán - capitá</i>
	-ANA: pexorativos: <i>folgazán - folgazana</i> (Excepto: <i>nugallán-nugallá, marrán-marrá, rufián-rufiá, truíán-trúa</i> )

8 Pon en masculino os substantivos e adxectivos destas oracións:

- Este verán coincidirán cunha rapaza romana. .... *rapaz romano*
- Non te fagas a heroína, que xa nos coñecemos. .... *heroe*
- Esa doutora é alemá. .... *doutor alemán*
- Díxerche que teño ovellas, non cabras. .... *carneiros, castróns*
- A cidadá defendeu a súa opinión ante a concelleira. .... *cidadán, concelleiro*
- Esa rapaza siciliana é unha lacazana. .... *rapaz siciliano, lacazón*
- A atleta prepárase para a maratón. .... *o atleta*
- A xuíza interroga á testemuña. .... *xuíz*

9 Cambia o xénero dos substantivos e adxectivos das seguintes frases:

- A vítima do accidente foi unha anciá ferrolá. .... *un ancián ferrolán*
- O meu irmán Luís é moi pillabán. .... *miña irmá herse, pillabana*
- A súa casa parece un zoolóxico: hai cabalos, leóns, galiñas, grou, gansos...  
 .... *equas, leas, galos, grías*
- A nora da miña nai e a nai dos meus fillos son a mesma persoa.  
 .... *o xerxo, o meu pai, o pai das miñas fillas*  
*do*